


TODAS/OS LEDAS/OS COA CHEGADA DE MARY POPPINS

Non foi o vento do leste quen trouxo a Mary Poppins ata a nosa clase, senon o tempo cálido dos primeiros días de setembro. Xuntas/os de novo falaban das películas de viran durante os meses do verán; imaxino que como consecuencia do mal tempo acontecido as familias recorrerían a esta proposta para ocupar parte do tempo de lecer. Pero ninguén facía referencia á película que hai xa 50 anos estreou a factoría Disney.

Sí era certo que algunhas/os a viran nalgunha ocasión, pero alleas/os a polémica desatada pola súa autora quen non cría ver o personaxe que ela creara na gran pantalla. Era certo? Pareceume una boa pregunta. E camiñamos en busca dunha resposta, empregando este texto literario como fonte de reflexión así como unha nova linguaxe sobre o que reflexionar: o cinema.



“MAR LO TRAJO PARA LEERLO. LEIMOS UN POQUITO DE NADA”.

Ao longo dos días escoitaban pequenos fragmentos deste clásico da literatura infantil e xuvenil ao tempo que progresaban no desenvolvemento das súas habilidades de pensamento. E comezamos na “Calle del Cerezo” número 17, imaxinando posibles formas para as nubes que Jane y Michael Banks vian dende a fiestra da súa casa mentres esperaban a chegada do seu pai.



- ✓ *“ UN NIÑO DURMIENDO, ESTÁ ACOSTADO, LE VEO LA CABEZA... ES REDONDA, LOS PIES... ASÍ, CON LAS PIERNAS LONGAS.”*
- ✓ *“UN PRINCIPE DURMIENDO; TIENE ALMOHADA, LA MANTA Y LA CAMA”.*
- ✓ *“YO ESTOY VIENDO UNA NUBE CON UNA ALA SOLA, PORQUE ME PARECE QUE ES UN AVIÓN, PORQUE TIENE ESE PALITO DE ATRÁS...”.*

Nese intre fixéronse unha primeira impresión da muller que viron chocar contra o enreixado da súa casa. Poñéndose no lugar dos dous irmáns, e apoiándose en fotogramas da película, imaxinaron e describiron o aspecto físico e a vestimenta de Mary Poppins co maior número de detalles.

- *“LLEVA SOMBRERO. TIENE ALGO BLANCO, ES UNA MARGARITA”.*
- *“TIENE UN BOLSO CUADRADO, GANTES BLANCOS Y LLEVA ZAPATOS DE TACÓN”.*
- *“EL PARAGUAS TIENE UNA CABEZA DE UN LORO”.*
- *“TAMBIÉN TIENE UNA FALDA, MEDIA, DESPUÉS UNA CAMISETA BLANCA”.*
- *“TIENE UNA CHAQUETA NEGRA Y EL BOLSO TAMBIÉN ES NEGRO, Y EL PARAGUAS Y TAMBIÉN EL GORRO”.*
- *“LA BUFANDA TIENE UNAS RAYITAS DE COLOR NEGRO”.*
- *“ES GRANDE, COMO LAS PERSONAS MAYORES”.*
- *“ES GUAPA, ME GUSTA SU BOCA Y ROJA, ROSA... SEGURO QUE SE PINTÓ LOS LABIOS PARA QUE LA VEAN PRECIOSA”.*

Para supor como sería o seu carácter, pensei que comparalo co que din as biografías da súa autora resultaría interesante.

"Todas coinciden en que P. L. Travers, la autora de la saga Mary Poppins, fue una mujer malhumorada, fácilmente irritable, egoísta e incluso cruel".

En: <http://www.eluniversal.com.co/suplementos/nueva/la-verdadera-historia-de-mary-poppins-152973>

- "NO SE ENFADA NUNCA, YO NUNCA LA VI ENFADADA".
- "ES BUENA PORQUE ESTÁ SONRIENTE... ESTÁ TRANQUILA".

Despois de expor os seus pensamentos, linlles pequenos parágrafos do primeiro libro da saga que escribiu Pamela L. Travers para ver se coincidía coas súas reflexións. Ademais de pequenos detalles como que a roupa fora de cor azul escura e que non viran os botóns porque os tapaba a bufanda, o que máis lles chamou á atención foi que a autora non describira á institutriz con tantas cualidades positivas como elas/es supoñían que tiña.

Casualmente tamén foi un xoves, este curso facemos as sesións de xogar a pensar este día da semana, cando marchamos ao encontro do home dos mistos Bert despois de dialogar sobre o que pasou ao mesturar auga morna e azucre. Mollando xiz de cores nesta auga adozada, pintaron as súas propias obras artísticas.



- "ES QUE TAMBIÉN TIENE PURPURINA, PORQUE ES BRILLANTE".
- "A LO MEJOR ES PORQUE EL AGUA TIENE AZÚCAR Y EL AZÚCAR BRILLA, Y SE PEGÓ EL AZÚCAR EN LA TIZA".
- "A LO MEJOR LA PURPURINA ESTÁ POR DENTRO DE LAS TIZAS".

E igual que os protagonistas do libro no seu día libre, vímonos de súpeto metidas/os dentro do cadro: *Paul Cezánne, "Casa en Provenza"*.



CASA EN PROVENZA. Paul Cezánne

- ✓ "HAY MONTAÑAS Y ALREDEDOR HAY UNA CASITA, Y DENTRO HAY UNA CHIMENEA".
- ✓ "NO HAY JUGUETES, PORQUE NO HAY NIÑOS".
- ✓ "NOS SABEMOS SI HAY HIJOS, PORQUE A LO MEJOR ESTÁN DENTRO DE CASA Y NOSOTROS FUERA".
- ✓ "LOS MAYORES PUEDEN JUGAR AL ORDENADOR, A LAS COSAS QUE ESTÁN EN EL TELEVISOR, CON LOS VIDEO-JUEGOS...".
- ✓ "HAY TRES PERSONAS, PORQUE VEO TRES VENTANAS".
- ✓ "ESTÁN DENTRO DE CASA PORQUE TIENEN LAS PERSIANAS CERRADAS".

Fascinadas/os pola aclamada canción da película, "Supercalifragilisticoespialidoso", tentaron dicir con palabras o máis concisas posible o que acontece nesa escena.

